

Xoves, 18 de maio de 2017

Núm. 94

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A
PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS*

ANUNCIO: Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais. (Expte. 11989/306)

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 26 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Modificación da Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais (exp. Nº 11989/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A modificación de referencia ten o seguinte teor literal:

**MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN
E TENENCIA DE ANIMAIS**

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.3:

Engadir no artigo 7, un apartado 3 bis. á Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, aprobada definitivamente polo Pleno de 16 de febreiro de 2000 (BOP nº 119 de 22/06/2000), que terá o seguinte teor literal:

“3bis. Exceptúanse expresamente do preceptuado no artigo anterior aqueles areas respecto dos cales, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 desta Ordenanza, a autoridade municipal delimite como zona de esparexemento canino, onde os cans poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a”.

Código seguro de verificación: 584PH96G0Q04J96D



Xoves, 18 de maio de 2017

Núm. 94

Engadir no artigo 7, un apartado 3ter, que terá o seguinte teor literal:

“3ter. Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans calificados como potencialmente perigosos, conforme a normativa pola que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos, que deberán, en lugares públicos, ir sempre suxeitos con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable”.

MODIFICACIÓN DO APARTADO P) DO ARTIGO 41.1, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“p). A circulación e permanencia de animais en piscinas públicas durante a tempada de baño, así como nas praias durante o período estival fóra dos lugares e horarios establecidos para que poidan circular libremente e soltos”.

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 42, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“Artigo 42

As infraccións indicadas no artigo anterior sancionaranse con multas de:

- a) As leves, de 100 a 500 euros.
- b) As graves, de 501 a 5.000 euros.
- c) As moi graves, de 5.001 a 30.000 euros”.

MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA, QUE TERÁ O SEGUINTE TEOR LITERAL:

“Queda derogada a Ordenanza municipal sobre tenencia de animais, aprobada polo Concello Pleno en sesión do 8 de xullo de 1984, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango, acordo ou resolución que se opoña ó establecido na presente ordenanza, en concreto queda derogado o ultimo paragrafo do artigo 19 da Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo de 26 de maio de 1994 (BOP nº 200 de 18/10/1994)”.

Código seguro de verificación: 584PH96G0Q04J96D

